



INTERVENCIÓN DA PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA NO ACTO CONMEMORATIVO DA CONSTITUCIÓN DE 1978 NA DELEGACIÓN DO GOBERNO

A Coruña 5/12/2012, 11.00 horas

Delegado do Goberno,

Alcalde da Coruña,

Xeneral xefe da FLO,

Excelentísimas e ilustrísimas autoridades,

Señoras e señores,

Permítanme que as miñas primeiras palabras sexan para felicitar a D. José Luis Balseiro Vigo, a D. Juan José Rodríguez Fernández, a D. Rubén Flores Rodríguez, a D. Óscar Grañas Martínez e a D. Higinio Vivas López polas súas merecidas condecoracións. Parabéns a todos e grazas polo seu exemplo no cumprimento do deber.

Quero tamén agradecerlle ao delegado do Goberno a oportunidade que me brinda de intervir neste acto de conmemoración do trixésimo cuarto aniversario da Constitución española, no que, aínda que brevemente, me gustaría facer algunha reflexión.

Os constituíntes do 78 fixeron un esforzo intenso para crear un modelo de convivencia pacífica, plural e aberta.



Conseguiron inaugurar un período democrático que modernizou España e Galicia como nunca antes fora posible. O veredicto da historia xa recoñeceu o seu acerto. Agora nós, neste acto, queremos sumarnos a este recoñecemento e subliñar este labor.

A Carta magna de 1978 é un texto sólido, que tivo como referencia os mellores exemplos do noso contexto cultural e que se construíu desde a forza dos valores fundamentais. Estes valores (a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político) enchen o pórtico do texto cunha firme vontade de compromiso democrático e social. E baixo este arco de referencia, a dignidade da persoa e os dereitos inviolables que lle son inherentes configúranse como o fundamento da orde política e da paz social. Todo isto trata de establecer unha sociedade democrática avanzada e de asegurarlles a todas as persoas unha digna calidade de vida.

Para conseguir estes elevados propósitos, articúlase un conxunto de mecanismos de equilibrio entre poderes e de controis recíprocos, mecanismos que se conforman desde o principio de soberanía popular. O pobo español é o suxeito último de imputación da lexitimidade constitucional e referente final de actuación dos poderes públicos. Así as cousas, unicamente o interese xeral racionaliza e oxixena o labor de tales poderes.

A lei básica rebélase como a nosa norma xurídica fundamental e suprema, que vincula a toda a cidadanía e aos órganos públicos, e que serve de parámetro de validez do resto do ordenamento xurídico. O valor normativo inmediato e directo da Constitución do 78 beneficia sobre



todo os dereitos fundamentais, dotados dunha forza vinculante directa que maximiza o seu contido e alcance. Os dereitos enaltecen a dimensión humana do Código constitucional e dan sentido ás necesarias actuacións para garantir a convivencia.

Na actual situación de crise que padecemos, o referente constitucional pode ser axeitado para lograr alcanzar sinerxías efectivas e achar solucións. O marco de vida democrática que ofrece a norma básica debe servir como lugar de encontro e ágora de intercambios de ideas, como espazo de liberdade que canalice os esforzos de todos, como vehículo de entendemento para buscar acordos globais. Non podemos prescindir do alto rendemento que nos proporcionou a Constitución de 1978.

Reivindicamos, pois, o consenso da transición que alumeou o texto que segue vixente e que situou con forza o nome de España no orbe de nacións democráticas.

Como presidenta do Parlamento de Galicia, expreso a miña sincera lealdade constitucional movida por un sentimento de gratitude e esperanza. Esperemos que as xeracións que nos sucedan poidan manter este legado.

Moitas grazas.